
Revista semestral de teatro escolar

n° 3, marzo 2025



**Brevíssima farsa
do entroido de Outeiro
de Rei da Terra Chá**

(1993)

A escena desenvólvese na Praciña do Concello da Vila, que é triangular.

A comparsa de entroido sae do café O Pozo.

Aparecen uns heraldos vestidos de moitas cores tocando uns cornos enormísimos. Seguidamente preséntase unha Procesión de moito carano, provista dos instrumentos máis variados para meter ruído.

Manuel de Paderna, disfrazado de don Capitón, cabalga un burro enorme.

Aínda que é media tarde, loce un Sol disconforme e, ao mesmo tempo, unha lúa competentísima.

MANUEL DE PADERNA.

Eu son don Capitón,
Alcalde deste concello.
A quen me diga que non
úntolle o aparello!

PROCESIÓN. (*A coro.*)

Moi ben, moi ben...!
O que ten, non ten!
O que non ten, ten!

MANUEL DE PADERNA.

Esta reata de bestas
que tenen coios por testas,
son os concelleiros meus,
comedores e baldreus...!

PROCESIÓN. (*A coro.*)

Os concelleiros teus...!
Moi ben, moi ben
e o noso Alcalde tamén!

MANUEL DE PADERNA.

Orneade como sabedes
que é para o que valedes!

(A Procesión comeza a ornear de xeito escandaloso.)

MANUEL DE PADERNA. *(Tirando dun pistolón descomunal.)* Calades ou non calades! Non me obriguedes a civilizarvos e poñer vos sentido e educación!

(A Procesión enmudece e non chía.)

MANUEL DE PADERNA. De xeonllos!

(A Procesión axeónllase.)

MANUEL DE PADERNA. Que queredes que vos faga?

PROCESIÓN. Que aumentes o tamaño das tres farolas que están na praza! Que as aumentes ben aumentadas!

MANUEL DE PADERNA. *(Despois de cavilar breves intres.)* Está ben! En pé! Atendede e abride ben os ollos!

(A Procesión ponse en pé e abre uns ollos de dous metros e trinta e cinco centímetros con sete milímetros.)

MANUEL DE PADERNA.

Atendede con atención
e con toda educación!
Poñede os cinco sentidos
e agrandade os ouvidos!

(Os ouvidos da Procesión fanse grandes como túneles.)

MANUEL DE PADERNA.

Farolas descomunais,
alumais? Non alumais?
Metédevos na escuridade,
esquecede a claridade!
Podedes levar convosco
a escoura deste pobo.
E que apareza de novo
o noso vello quiosco!

(As Farolas comezan a correr a todo correr e desaparecen.

No seu lugar, por arte do Mago Antón e de Xosé Manuel Carballo Ferreiro, aparece o vello e fermoso Quiosco da Música coa súa forma de estrela de oito puntas, comandante de todos os quioscos da Terra Chá.

A Procesión queda abraiada.)

UN DA PROCESIÓN. *Me cago en tal*, en cal, neste e no outro, no que está derriba e no que está debaixo, no grande e no pequeno, nos vivos e nos mortos, nos nados e nos por nacer! Eu demito como concelleiro! Demito e demito!

PROCESIÓN. *(A coro.)*

Aquí non demite ningún!
Non é un home de ben
quen
presenta a súa demisión
sen ter consideración
para esta corporación!

UN DA PROCESIÓN.

Pois xa non demito.
E queda dito.

PROCESIÓN. *(A coro.)*

Todo o noso saber
é calar e obedecer!

MANUEL DE PADERNA.

Está ben canto acordedes!
Cando non orneades,
que bebedes ou pacedes?
Agora, que desexades?

PROCESIÓN. *(A coro.)*

Que este esquecido concello
sexa máis alto e cadrado
para que este pobo vello
sexa máis mangoneado.

MANUEL DE PADERNA.

Estate atentos
e quedaredes contentos.

(Pausa.) Ouh tobeira caciquil,
casa pesada e cadrada,
vólvetes brisa de abril
e faite rosa rosada!

(O Casarón do Concello transfórmase nunha casa normal e fermosa, con flores na solaina e sorrisos nas fiestras.)

PROCESIÓN. *(Alporizada.)* Este non pode ser o noso Alcalde! Don Capitón non ten maxia! Este é un engano, un roubo, unha falcuadada! Que tire a máscara, que tire a máscara!

(Mentres a Procesión protesta, Paderna, súpeto como un alustro, ponlle unha máscara que el leva posta a Don Capitón, que por alí andaba de paspán, disfrazado de coello. Paderna desaparece e Don Capitón, sen saber como, queda no lugar de Paderna.)

DON CAPITÓN. *(Detendo a Procesión.)* Non lle toques á máscara! Estamos no entroido e a máscara é sagrada! Tocarlle pode traer mala sorte! Ai do que lle toque á máscara!

(A Procesión recúa asustada.)

DON CAPITÓN. Puxeron esta nosa vila que dá noxo ollala! Corporación de meu, cómpre volver todo ao seu ser e estado! Tirade o quiosco!

PROCESIÓN. Non o tiramos! Nós queremos o noso vello quiosco!

DON CAPITÓN. Polas boas ou polas malas xa o tiraredes!

PROCESIÓN. Non, non e non! NNNNNooooooooonnnnnnnnn...!

DON CAPITÓN. Derrubade ese noxo de Casa do Concello e erguedes outra máis alta e cadrada!

PROCESIÓN. Non nos dá a gana!

DON CAPITÓN. Onde se ollou aos mandados, aínda que sexa entroido, desobedecer ao seu mandón ou mandador! Heivos mandar fusilar por sediciosos, terroristas e ciclistas!

PROCESIÓN. Ha, ha, ha, hhhhaaaahhhh...!

DON CAPITÓN.

Escoitade, animais,
as miñas palabras inmortais.
Ouh casa do axuntamento
que eras fermoso monumento
pró noso ben e lecer,
volta de novo ao teu ser!
Porco QUIOSCO QUIOSQUEIRO,
faite outra vez candeeiro!

(Don Capitón repite varias veces a Invocación anterior sen ningún resultado.)

No camiño que vai da Praciña do Concello á Casa de Hortas, Manuel de Paderna observa a escena e, cunhas enormes mans invisíbeis, pousadas sobre o quiosco da música e da Casa do Concello, impide que a Invocación de Don Capitón teña eficacia.

A Procesión comeza a revirarse contra Don Capitón.)

PROCESIÓN. Farsante, fariseo, baballocas, baldreu, cación, comellán, impotente, burra quente, Entroido, Entroido, Entroido!
Con el ao río, ao río, ao ríííoooooooo!

(A Procesión rodea a Don Capitón, átao, pono nunhas andas, lévao en Procesión e chimpa con el no Miño, caudal e contaminado.)

Mentres dura a cerimonia soan chocallos, cornos, latas vellas, carracas...)

PROCESIÓN. *(Cantando.)*

Ti es o PATRÓN
da contaminación!
Vai pró teu reinado
enlarafuzado...!
Rei do Entroido,
levántalle o rabo
e bícalle o coiro...!

(Manuel de Paderna, moi gustoso e recreado, está a cabalo dunha nube, contemplando esta escena exemplar, tomando café e zugando un pau de regaliz, pois deixou de fumar.)

Cando Don Capitón cae no río, con enormísimo estrondo, as augas enmourecen máis e despiden un cheiro a esterqueira que non hai quen o aguante.)

PROCESIÓN.

Sálvese quen poida!
Sálvese quen poida!
Sálvese quen poida...!

(Saen todos correndo con grande troupeleo.)

Cae o pano, se o houber, e remata a farsa.

